

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do Padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes,31 de xullo de 2014.- O ALCALDE, Benigno Gómez Tadín

R. 3065

GUNTÍN

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente administrativo de modificación de crédito 3/2014, no orzamento do Concello de Guntín para o ano 2014, ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público de aquel (BOP Nº 152 de data 04/07/2014) en aplicación do disposto no artigo 169, 170, 171 e 179 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e do R.D. 500/90 de 20 de abril, faise público que despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do orzamento de gastos quedaría da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A)OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de Persoal	532.143,29
2	Gastos correntes en Bens e servizos	642.851,00
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	83.120,42
	B)OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Inversións reais	194.371,94
9	Pasivos financeiros	37.497,00
	TOTAL GASTOS	1.489.983,65

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

En Guntín a 31 de xullo de 2014.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 3091

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30 de xullo de 2014, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA (FORMACIÓN ESPECÍFICA) MEDIANTE 14 LOTES NO MARCO DO PROXECTO "LUGO EMPREGO ACTIVO 2" COFINANCIADO**

NUN 80% POLA UE A TRAVÉS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 112410004). LOTE 9 - IMPRESIÓN DIXITAL- RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO. Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto:

O obxecto do presente contrato é contratar a entidades ou empresas para impartan a docencia especializada das horas teóricas (formacións específica) das diferentes accións formativas seguintes:

LOTE 1.-MONITOR DE TURISMO ACTIVO

LOTE 2.- ATENCIÓN SOCIO-SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS

LOTE 3.- MONITOR DE LUDOTECAS

LOTE 4.- ENQUISADOR

LOTE 5.-ELABORACIÓN DE PRODUTOS LÁCTEOS

LOTE 6.- TÉCNICO EN TRANSPORTE SANITARIO

LOTE 7.- INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES

LOTE 8.- ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO

LOTE 9.- IMPRESIÓN DIXITAL

LOTE 10.- COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER

LOTE 11.- OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING

LOTE 12.- ACABADO DE CARPINTERÍA E MOBLE

LOTE 13.- OPERACIÓNS BÁSICAS DE RESTAURANTE E BAR

LOTE 14.-OPERACIÓNS AUXILIARES DE MONTAXE DE REDES ELÉCTRICAS

Ver cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas

b) Prazo de execución: As accións formativas realizarase dende a data de formalización do contrato administrativo, 5 horas/día en horario de mañá e/ou tarde dende a data de inicio de acción formativa ata a data de remate de cada unha e que non excederá de marzo 2015

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedemento: aberto

4.- Tipo de licitación.

O valor estimado do contrato para os catorce lotes incluídos ascende á cantidade de 104.586,78 euros polo que incluído o IVE (21%) -21.963,22 euros- resulta un presuposto total de 126.550 euros IVE incluído(CENTO VINTESEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA EUROS) , correspondendo a cada lote o seguinte orzamento:

LOTE 1.-MONITOR DE TURISMO ACTIVO: 4.049,59 euros máis o IVE (21%) - 850,41 € resultando un total de 4.900 €

LOTE 2.- ATENCIÓN SOCIO-SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS: 9.173,55 euros máis o IVE (21%) - 1.926,45 € resultando un total de 11.100 €

LOTE 3.- MONITOR DE LUDOTECAS: 3.966,94 euros máis o IVE (21%) -833,06 € resultando un total de 4.800 €

LOTE 4.- ENQUISADOR:2.975,21 euros máis o IVE (21%) - 624,79 € resultando un total de 3.600 €

LOTE 5.-ELABORACIÓN DE PRODUTOS LÁCTEOS: 6.198,35 euros máis o IVE (21%) - 1.301,65 € resultando un total de 7.500 €

LOTE 6.- TÉCNICO EN TRANSPORTE SANITARIO: 7.190,08 euros máis o IVE (21%) - 1.509,92 € resultando un total de 8.700 €

LOTE 7.- INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES: 9.669,42 euros máis o IVE (21%) - 2.030,58 € resultando un total de 11.700 €

LOTE 8.- ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO: 11.900,83 euros máis o IVE (21%) - 2.499,17 € resultando un total de 14.400 €

LOTE 9.- IMPRESIÓN DIXITAL: 9.256,20 euros máis o IVE (21%) - 1.943,80 € resultando un total de 11.200 €

LOTE 10.- COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER: 4.462,81 euros máis o IVE (21%) - 937,19 € resultando un total de 5.400 €

LOTE 11.- OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING: 8.677,69 euros máis o IVE (21%) - 1.822,31 € resultando un total de 10.500 €

LOTE 12.- ACABADO DE CARPINTERÍA E MOBLE: 16.942,15 euros máis o IVE (21%) - 3.557,85 € resultando un total de 20.500 €

LOTE 13.- OPERACIÓNS BÁSICAS DE RESTAURANTE E BAR: 4.338,84 euros máis o IVE (21%) - 911,16 € resultando un total de 5.250 €

LOTE 14.-OPERACIÓNS AUXILIARES DE MONTAXE DE REDES ELÉCTRICAS: 5.785,12 euros máis o IVE (21%) - 1.214,88 € resultando un total de 7.000 €

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6.- Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio

b) **Domicilio:** Rolda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-27

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Centro de Servizos Municipais

b) **Domicilio:** Rolda Muralla 197- 3ª planta

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 250,38 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 1 de agosto de 2014.- O ALCALDE,P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA,(Decreto nº 13008312), Sonia Mendez Garcia.

R. 3093

O PÁRAMO
Anuncio

O Pleno do Concello de O Páramo, en sesión *ordinaria* celebrada o 28 de xullo de 2014, acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinto grupo de función que non afectan a baixas nin altas de créditos de persoal(Expediente M.C. 10/2014, Nº 4 Pleno).

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, por o que apróbase o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública por prazo de quince días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se presentaran alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo.

En O Páramo, a 30 de xullo de 2014.- O ALCALDE, Gumersindo A. Rodríguez Liz

R. 3102

Anuncio

Na sesión plenaria celebrada o día 28 de xullo de 2014, o Concello de O Páramo acordou aprobar a modificación da base Nº 2 de execución do orzamento xeral para o exercicio 2014.